



Lugo, 6 de febreiro de 2013. ADEGA e [Asociación Dignidade de Lugo](#) , cuxos obxectivos educativos se dirixen á mocidade en risco de pobreza e/ou exclusión social, veñen de asinar un **convenio de colaboración**

para desenvolver durante este mes de febreiro unha xeira de actividades de sensibilización na natureza. Unha delas terá lugar no equipamento ambiental de ADEGA, a

[Eira da Xoana](#)

, situado na parroquia de Ramil (Agolada).

Trátase do primeiro acordo de coperación entre as dúas entidades co propósito de achegar os valores do coidado natural aos rapaces e rapazas desfavorecidas, así como crear novas redes de colaboración entre o tecido asociativo galego. Esta nova sinerxia contribúe a fomentar a solidariedade e coperación na sociedade civil.

O programa de actividades comezará mañá, día 7 de febreiro, cunha visita ao elemento histórico e patrimonial máis importante da cidade de Lugo. Nesta xornada titulada “Ecoloxía na Muralla”, colaborará a plataforma Muralla Viva, á que pertence Bárbara Ruth Soto, quen explicará aos rapaces e rapazas os valores ambientais que acolle o monumento e a necesidade da súa preservación. O evento acompañarase dunha charla arredor desta temática no Centro de Intervención en Medio Aberto (CIEMA), onde a Asociación Dignidade desenvolve as súas accións.

O xoves día 14, ADEGA coordinará unha visita ao Castelo de Pambre e ao equipamento eco-educacional A Eira da Xoana, que o colectivo ecoloxista rexenta na comarca do Alto-Ulla, na parroquia de Ramil (Agolada). Os adolescentes almorzarán nestas instalacións e, posteriormente, realizarán un roteiro ás beiras do Ulla guiado pola bióloga Adela Figueroa.

O día 19 de febreiro terá lugar a terceira actividade dentro do programa, que estará dedicada á nutrición e ao consumo de proximidade. Nesta iniciativa colaborará Celsa Sánchez, de Galiza Fala, entidade que traballa neste ámbito. Así mesmo, a xornada completarase cunha visita á Praza de Abastos de Lugo, como mostra exemplar do comercio de proximidade e que será coordinada por Ester Gómez, membro de ADEGA e da cooperativa de agricultura ecolóxica Bandullo Ecolóxico.

O programa de actividades rematará o 28 de febreiro cun roteiro polas beiras do río Rato a

cargo de Xosé Manuel Rodríguez, membro da Asociación de veciños de Albeiros, quen ten estudado a dinámica hidráulica do efluente no seu treito medio-alto.